

XIV FESTA do VINHO TINTAFEMIA



*30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo
Santa María de Cela*

Saúda Deputación

É para min un pracer, como presidenta da Deputación de Pontevedra, ver como grazas ao esforzo e interese de moitas veciñas e veciños, e en especial grazas ao traballo da Asociación de Viticultores San Martiño de Bueu, se recupera con paso firme a celebración dun produto tan característico deste enclave da nosa provincia, e tan ligado á nosa cultura popular como é o viño tinta femia.

Sen dúbida, esta é unha das variedades máis peculiares das que se atopan baixo o IXP Ribeiras do Morrazo. O tinta femia atrae a mirada dos ollos máis curiosos e sorprende incluso aos entendidos, esperta controversias e debates científicos, e sen embargo, esta peculiar uva, autóctona de Galicia, aínda non goza do merecido recoñecemento que debería ter máis alá da Comarca do Morrazo. De aí a importancia desta festa, responsable de descubrirlle ao mundo outro deses fantásticos segredos que agocha a costa galega, chea de produtos de enorme categoría, especialmente a nosa provincia, por que non dicilo, onde podemos presumir da singular calidade dos alimentos que visten as nosas mesas, produtos que veñen do mar e da terra, e que son a envexa de calquera menú gourmet.

O tinta femia é moito máis que un viño de furancho e así o debemos reivindicar. Dende as institucións públicas debemos apoiar e promover iniciativas como esta, que poñen en valor unha das nosas peculiaridades enolóxicas, neste caso un tinto practicamente único, moi especial, que nace dunha uva de pel vermella e de polpa branca.

Así que por último, quero darlle os parabéns á organización desta nova edición da Festa do Tinta Femia, polo seu tesón e polo traballo de promoción desta característica cepa, e animalos a seguir dándolle continuidade no tempo a esta celebración, e por suposto quero animar a todas as veciñas e veciños a achegarse á parroquia de Cela para desfrutar dunha cunca deste viño galego tan especial e desexarlles que o fagan na mellor compañía posible.

Carmela Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra